

# INFORMACIÓN EXTENDIDA E GUÍA PARA PAIS/NAIS SOBRE A BANDA SINFÓNICA INFANTIL DE GALICIA (BSIG) E A BANDA SINFÓNICA XUVENIL DE GALICIA (BSXG)

## O PUNTO DE INICIO DO PROXECTO

O Plan Nacional de Bandas de Música é unha proposta da Asociación Nacional de Directores de Banda de España, que en cooperación con outras institucións, xurde coa intención de apoiar o desenvolvemento bandístico español; unha das manifestacións culturais de máis arraigo social e musical no noso país. O Plan Nacional potencia e fomenta á Banda como unha ferramenta educativa.

En Galicia, á Banda Sinfónica Infantil de Galicia e a Banda Sinfónica Xuvenil de Galicia seguiránlle outros proxectos dentro do Plan Nacional, co obxectivo de crear unha rede de escolas e bandas coa mesma filosofía de traballo e obxectivos comúns (educativos, sociais, culturais, patrimoniais,...)

### Obxectivos

Promover a creación e fortalecemento das bandas e escolas de música en todo o territorio nacional, mediante procesos integrais de xestión, formación, divulgación, organización local, investigación e dotación.

### Con dúas finalidades xerais:

- Usar á banda de música como unha ferramenta formativa en tódolos niveis e centros educativos.
- Garantir unha ampla participación social no desfrute de bens e servizos culturais e un aporte á construción de identidades locais e o desenvolvemento integral das comunidades.

### Descrición:

Mediante proxectos concretos anuais da Banda Sinfónica Infantil de Galicia e da Banda Sinfónica Xuvenil de Galicia. Un encontro anual no verán (entre 5 a 7 días cada un). Dous/tres concertos en cada encontro.

Organizados pola Asociación Nacional de Directores de Banda, co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Cultura; xunto coa colaboración de Concellos (sede para os ensaios e concertos), bandas de música galegas, escolas, conservatorios e outras institucións.

## O PROXECTO GALEGO: AS BANDAS SINFÓNICAS DE GALICIA

A Banda Sinfónica Sinfónica Infantil de Galicia nace en 2015 como proposta da Asociación Nacional de Directores de Banda (ANDB), enmarcada no programa educativo Vientos del Mañana do “Plan Nacional de Bandas” facendo o seu Encontro Fundacional na Vila de Ortigueira (A Coruña). A Banda Sinfónica Xuvenil de Galicia (BSXG) nacería no 2017 sendo a cidade de Lugo a súa sede fundacional.

Non son sen máis unhas agrupacións musicais, senón un proxecto educativo que usa á Banda como ferramenta formativa na que transmitir os valores que ofrece tocar nunha agrupación destas características: traballo en equipo, cooperación, disciplina, respecto, compromiso, solidariedade,... o que fai da Banda Sinfónica un instrumento vivo!



**Asociación  
Nacional  
de Directores  
de Banda**

### Obxectivos:

- Facer da Banda Sinfónica Infantil e Xuvenil de Galicia, un modelo educativo, cultural e social de agrupación musical; integrada no Plan Nacional de Bandas de Música.
- Contribuír ó traballo que realizan ás Bandas, Escolas de Música e Conservatorios de Galicia, por medio dunhas agrupacións que sirvan como punto de unión e conexión de todas elas.
- Recuperar composicións de autores galegos, transcribilas, adaptalas en dificultade para ser tocadas por nenos, editalas, gravalas en CD/Vídeo e difundilas a toda a sociedade.
- Potenciar e apoiar aos novos compositores e directores galegos.
- Dar a coñecer ós xoves músicos galegos, o seu patrimonio musical e cultural; ás veces perdido ou pouco valorado.
- Coñecer o patrimonio musical doutras culturas, valorando o propio.
- Fomentar a creatividade, o traballo en equipo, a participación e a creación dun grupo.

## A SELECCIÓN DAS SEDES

Cada dous anos faise unha presentación de candidaturas aberta para ser a sede da BSIG ou BSXG durante un ano e entre un a tres anos vista do encontro.

A presentación de candidaturas está aberta a participar a todos os Concellos de Galicia, Bandas, Escolas ou Conservatorios que queiran aloxar no seu municipio a estas bandas.

Un comité organizativo formado por membros da Asociación Nacional de Directores de Banda visitará a cada candidatura e decidirá cales son as mellores propostas, tanto para a banda infantil como para a banda xuvenil, que se adaptan ós proxectos a desenvolver para os vindeiros encontros musicais.

### *Sobre que lle aporta ó municipio-sede:*

- **Concerto:** en cada sede seleccionada terá lugar á finalización do encontro, un concerto que acollerá a todo o público interesado en asistir. O concerto terá entrada libre ca idea de transmitir e mostrar todo o traballo feito durante os ensaios.

- **Promover o Turismo Cultural:** A través das webs, redes sociais da ANDB, prensa, carteis,... darase a coñecer unha promoción do municipio. Durante o encontro gravarase en vídeo un documental no que se poderá ter unha idea do alcance do proxecto, a nivel pedagóxico, musical e social. Nesta gravación aparecerán unha serie de imaxes dos lugares e emprazamentos máis representativos do pobo, zona da sede.
- **Divulgación do patrimonio musical local/comarcal:** como parte fundamental do proxecto, apostase polo rescate e divulgación do patrimonio histórico-musical de Galicia. A sede contará, dentro do posible, con representación dentro do programa de ensaios e no concerto de clausura dun compositor relacionado co pobo, cidade ou comarca na que se celebre o encontro; conectando así o proxecto educativo co ámbito local no que se dan as condicións necesarias para facelo.

Plan Nacional de  
Bandas de Música

## A SELECCIÓN DOS/DAS DIRECTORES/DIRECTORAS

Cada banda contará con dous Mestres. (Director Artístico e Director Musical).

A selección faise por uno ano, prorrogable, en Asamblea Anual da Delegación en Galicia da Asociación Nacional de Directores de Banda (ANDB) na que participan os socios da mesma, fan as súas propostas e seleccionase tanto ós directores dos proxectos así como das sedes e outras actividades que se organizan cada ano.

## A SELECCIÓN DOS COMPOÑENTES DAS BANDAS:

Para a Banda Sinfónica Infantil de Galicia poden participar nenos e nenas galegos que teñan entre os 9 e 15 anos nas datas do encontro.

Para a Banda Sinfónica Xuvenil de Galicia poden participar rapaces e rapazas galegos/as que teñan entre os 14 e 20 anos nas datas do encontro.

As especialidades instrumentais son as dunha Banda Sinfónica (vento e percusión, violonchelo e contrabaixo; no que dependendo do programa pódese incluír piano ou arpa). O número de

compoñentes está en torno ós 50 músicos en cada agrupación, o cal pode variar dependendo do programa musical, número total de candidaturas ou das posibilidades loxísticas que se poidan ter para cada encontro.

Todos os encontros contarán con profesores colaboradores, monitores de tempo libre titulados, así como actividades culturais e de ocio.

Cada compoñente das Bandas estará cuberto por un seguro de responsabilidade civil e outro de accidente, entregándose ademais unha camiseta da agrupación e un diploma no transcurso do encontro.

### **Hai tres modalidades de participación:**

- a) Asistencia ao Encontro Musical
- b) Asistencia ao Encontro Musical + Xantar
- c) Asistencia ao Encontro Musical + Pensión Completa

Plan Nacional de  
Bandas de Música

## PROCESOS DE SELECCIÓN:

**A Banda Sinfónica Infantil de Galicia (BSIG)** é unha banda representativa. O seu proceso de selección non será competitivo senón que se fará seguindo os seguintes apartados:

- 1) Por o lugar de procedencia/residencia (facendo plural e representativa no posible á Banda Sinfónica Infantil de Galicia)
- 2) Por idade e nivel do curso (escola/conservatorio) que realiza
- 3) Por un criterio de paridade entre nenos e nenas.
- 4) OPCIONAL: VIDEO (\*)

(\*) Para a Banda Sinfónica Infantil o envío de video é opcional (non será por sí mesmo determinante para a selección final. Soamente servirá como referencia para o criterio de selección por procedencia)

Tanto para a BSIG e a BSXG un comité formado por mestres especialistas (non pertencentes a ANDB) e Directores farán a selección dos candidatos.

**A Banda Sinfónica Xuvenil de Galicia (BSIG)** é unha banda que fomenta ós novos músicos e talentos galegos. O seu proceso de selección será competitivo:

- 1) Por a gravación enviada (\*)
- 2) Por versatilidade, no caso de tocar varios instrumentos (exemplo: familia de saxofóns, de clarinetes,...)
- 3) Por nivel do curso (escola/conservatorio) que realiza
- 4) Por o lugar de procedencia/residencia (facendo plural e representativa no posible á Banda Sinfónica Xuvenil de Galicia)
- 5) Por un criterio de paridade entre rapaces e rapazas.

(\*) OBLIGATORIO: Envío de Video.

Os vídeos non superarán os 5 minutos de duración, onde o/a candidato/a interpretará unha pequena peza ou un movemento dunha obra de libre elección. (Non é necesario o acompañamento de piano).

## AS DATAS PREVIAS Ó ENCONTRO

- Con dous meses de antelación ó comezo de cada encontro notificase a cada músico se foi seleccionado como compoñente activo ou reserva, realizándose un listado dos candidatos.
- Ábrese un prazo para formalizar a matrícula do Encontro.
- Envíanse as partituras a interpretar para un estudio individual previo ó Encontro.
- Envíanse tanto o planning de actividades e horarios así como a información relativa a cada Encontro.

## INFORMACIÓN E CONTACTO:

- Para estar ó corrente das datas e prazos, publícanse en:  
[www.bandasinfonicadegalicia.com](http://www.bandasinfonicadegalicia.com)
- Para contactar coa organización, pode facelo a través do email:  
[bandasinfonicadegalicia@yahoo.es](mailto:bandasinfonicadegalicia@yahoo.es)



Plan Nacional de  
Bandas de Música

